



Instituto de Investigación Sanitaria
SANTIAGO DE COMPOSTELA

A carreira Run Run Vigo destinará o recadado a unha investigación de pacientes oncolóxicos

Será para o proxecto BRIDGES do consorcio BREOGAN que busca predicir que doentes son máis propensos a desenvolver cancro de mama

O prazo de inscrición remata o vindeiro mércores 17, mentres que a carreira celébrase o 21 de outubro en Vigo

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018- O consorcio BREOGAN (<http://proyectobreogan.es>), e máis concretamente o proxecto europeo BRIGDES, no que participan profesionais do *Instituto de Investigación sanitaria de Santiago (IDIS)* e da área sanitaria de Santiago recibirán a recadación da carreira benéfica anual que organiza a asociación *Vigo contra o cancro*. O obxectivo principal deste proxecto de investigación é predicir que doentes son máis propensos a desenvolver cancro de mama.

A carreira será o domingo 21 de outubro en Vigo mentres que a data límite para a inscrición é o vindeiro mércores 17 de outubro, na paxina <http://vigocontraelcancer.es/> ou presencialmente no centro comercial El Corte Inglés de Vigo.

Hai tres formas de participar: **5km**–andando ou correndo. A idade mínima para participar é de 6 anos; **10km** – Recoméndase realizala correndo. Idade mínima para participar é de 16 anos e **Km Cero**– para os que queiran colaborar só doando.

BREOGAN

BREOGAN, acrónimo en inglés para o consorcio galego de cancro de mama (BREast Oncology Galician Network), está coordinado en Galicia polos doutores Manuela Gago (IDIS) e Esteban Castela (Instituto de Investigación Galicia Sur). Naceu en 2010 co fin de xuntar esforzos entre investigación e educación na loita contra o cancro de mama. Está formado por profesionais e doentes das xerencias sanitarias de Santiago e Vigo, ademais da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica. Para as súas pescudas contan coa achega de 3.000 doentes galegas.

Sobre o **IDIS**

O Instituto de *Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS)* é un centro de investigación traslacional, de innovación e transferencia de coñecemento que favorece as sinerxias entre a Área Sanitaria de Santiago de Compostela e a Universidade, ás que están vinculados 80 grupos e máis de 1.000 investigadores. Naceu en 2008 para poñer en valor o coñecemento aplicado e converteu a Galicia en referente internacional no campo da biomedicina. Foi o primeiro centro galego acreditado polo Instituto de Saúde Carlos III en



@fidis_santiago



@FIDIS.Santiago

<http://www.idisantiago.es/>

prensa.santiago@sergas.es

981 950023 // 629 25 37 54



Instituto de Investigación Sanitaria
SANTIAGO DE COMPOSTELA

2010 e a súa captación de fondos para a investigación creceu preto dun 300% desde entón. Lidera proxectos de investigación europeos desde o ámbito das neurociencias e a pediatría.

Saúdos



@fidis_santiago



@FIDIS.Santiago

<http://www.idisantiago.es/>

prensa.santiago@sergas.es

981 950023 // 629 25 37 54

981 950967 // 639 60 35 22